



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA OITO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Roberto García Pernas.

Concelleiros asistentes:

D.Luis Otero Paz

D. José Prieto Barro.

D. Luis A. Vilasuso Seco

D.Carlos Alberto Guerra González.

Dª Tamara Paz Balsa..

D.Antonio Riveira Requeijo

D.Mario Felix García Prieto

Dna. Isabel Campello Ares.

Dna. María do Mar Hermida Pico

D. Óscar González Pardo

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día 8 de XUÑO de dous mil dezasete, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora do Concello Dona Paula Campos Rodriguez.

Secretaria- Interventora:

Paula Campos Rodriguez.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr.Alcalde pregúntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre o borrador da acta da sesión anterior de carácter ordinario, de data de 12 DE ABRIL DE 2017 .

A concelleira Maria Do Mar pide a palabra para comentar algúns aspectos relativos á acta anterior, relativos en primeiro lugar a que o Alcalde naquela sesión dixo que debería estar a concelleira presente para aclarar os aspectos da acta que facían referencia as súas intervencións, continúa aclarando que á sesión anterior non puido vir e se solicitou cambiar a data por conciliación familiar cos seus fillos e non se fixo e que se pediu o cambio tamén porque non estaba a secretaria municipal e cree que deberían estar a persoas afectadas, ademáis fala de que se traen as veces varias actas para aprobar despois de catro meses e eles nunca din nada. Continúa comentando que ese criterio de que debería estar a concelleira se debería aplicar ao seu grupo político que se ausentaron moitas veces.

Intervén a continuación o portavoz do Grupo Popular para pedir que se aclare un punto da acta anterior da paxina 7 do segundo párrafo relativa ao texto onde pon ""salvo Roupar de Arriba,



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

que ahí non merece aglomerado” eliminando ese paragrafo porque esa non foi a intención e debeu de ser una confusión.

O Portavoz do Grupo Do BNG intervén para felicitar ao funcionario que fixo as funcións de secretaria accidental na sesión anterior pola acta que fixo que reflexou unha imaxe máis fiel que habitualmente.

Procédese a continuación á votación das mencionadas actas e as mesmas resultan aprobadas por unanimidade, salvo o voto da concelleira do BNG que se abstén de votar por ausencia na sesión anterior, dos concelleiros asistentes sempre que se fagan as correccións mencionadas anteriormente..

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E INFORMES .

O Alcalde dálle a palabra a Secretaria Municipal para que lea os asuntos a efectos da súa dación en conta:

1º.Dáse conta dos seguintes informes consonte a lexislación vixente remitidos pola Interventora Municipal ao Ministerio de Administracións públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación coas Facendas Locais nos períodos legalmente establecidos:

- Período medio de pago(PMP)
- Planes orzamentarios a medio prazo 2018-2020.
- O ISPA relativo aos datos do persoal que traballa no Concello do ano 2016.
- A execución trimestral do Orzamento Municipal do 2017, 1 er trimestre.

2º. De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía ditadas entre os días 4 de abril ata o 2 de xuño de 2017 (nº 80/2017 a nº 153/2017). A Corporación dáse por enterada.

A Concelleira Do BNG intervén para comentar que fai catro anos se chegara nun pleno ao acordo de que se presentase por economía procesual (evitar o gasto masivo de papel) aos concelleiros unha relación dos decretos dos que se daba conta e se remitirían por mail todos os que se pediran para estudialos por calquera concelleiro, continúa dicindo que isto é o que se fixo ata fai pouco tempo pero na última sesión negóuselles este dereito e non sabe porqué , continúa dicindo que o medio de comunicación oficial era o correo electrónico e que fai uns meses se lles dixo que tiñan que pedir por escrito a documentación. Continúa pedindo unha relación de decretos in situ no pleno , comeza preguntando polo primeiro 80/2017 que gastos foron?.. pero o Alcalde interrompe para comentar que os decretos do Pleno tiñan que ser remitidos , que non sabe se houbo un mal entendido pero non sabe porque non os teñen, que el agora non os ten a man e ten que miralos para contestar correctamente.A concelleira segue pedindo varios decretos no momento e lle recrimina ao Alcalde que ten que telos no pleno á man e ten que saber de que son. Continúa a concelleira comentando que xa se lles negou máis información estos meses , copias concretamente dalgún expediente , dicindo que os tiñan que vir ver ao Concello e que en 6 anos nunca lle pasou tal cousa.

O Alcalde contesta que houbo un malentendido , que nunca se negou a información do Pleno, que o que se negou foi temas relativos ás facturas por protección de datos(mandar copias por mail) e que Oscar, o concelleiro foi ó Concello a ver expedientes e se lle ensinaron no momento, que non teñen nada que ocultar e que van seguir co seguinte punto, senón nunca



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

acaban. Remata dicíndolle á concelleira que pida os decretos que precise por escrito coma sempre e se lle remitirán.

3. DAR CONTA DA SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL UNICO DE COOPERACIÓN 2017.

Remitada aos concelleiros toda a documentación relativa á mencionada subvención e comentados os aspectos máis relevantes polo Alcalde da Corporación, se procede a ler polo mesmo o anexo 1 da mesma co detalle dos proxectos que se inclúen na solicitude que a continuación se reproduce.

.....

PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017

ANEXO I

***CERTIFICADO DO ACORDO DO ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO MUNICIPAL
COMPETENTE***

D./Dna. Paula Campos Rodríguez

Secretario/a do Concello de Xermade

CERTIFICA: Que o/a ALCALDE ⁽¹⁾ deste Concello, na sesión realizada o día 02 de Maio de 2017, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1. Participar no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada a este Concello aos seguintes obxectos:
 - a. **OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS**

OBRA OU SUBMINISTRO	TOTAL CUSTO (€)	APORTACIÓN DIPUTACIÓN(€)	APORTACIÓN CONCELLO(€)
Reparación e mellora de firme en dous viais en Lousada e na escola de Miraz.	106.346,48	91.021,28	15.325,20
Mellora de firme en escola de Candamil e no Campo de fútbol de Momán.	19.349,40	19.349,40	0
Mellora na eficiencia enerxética de alumeados públicos na parroquia de Momán – Xermade.-	24.000,00	24.000,00	0
Construción de depósito de reserva antiincendios en Roupar – Xermade.	10.484,00	10.484,00	0
Control e dosificación de cloro nos depósitos de Momán e Vilacide	10.890,00	10.890,00	0

**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Adquisición de vehículo para Servizos Sociais e Servizo de Augas do Concello de Xermade.	10.000,00	10.000,00	0
Adquisición de camión con guindastre.	22.000,00	22.000,00	0
TOTAL DESTINADO A OBRAS E SUBMINISTROS	203.069,88	187.744,68	15.325,20

b. PROGRAMA SAF

PROGRAMA SAF	APORTACIÓN DIPUTACIÓN
Servizo de Axuda no Fogar	23.403,58
TOTAL DESTINADO SAF	23.403,58

c. PROGRAMA DEPUEMPREGO

PROGRAMA DEPUEMPREGO	APORTACIÓN DIPUTACIÓN
Contratación de 4 peóns de obras públicas (1 albanel, 1 conductor e 2 peóns), ao 75% da xornada.	51.470,59
TOTAL DESTINADO DEPUEMPREGO	51.470,59

d. PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

PROGRAMA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	APORTACIÓN DIPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO
Xornadas Interxeracionais Rurais	3.596,00	0
Premio Xermade na Historia	3.000,00	0
Laboratorio de radio nas parroquias	1.200,00	0
Cestería	204,00	0
Copa do Concello de Xermade	2.550,00	0
Carreira Popular	2.200,00	0
Pedalada solidaria	500,00	0
Proxecto envellecemento activo	2.750,00	0
TOTAL DESTINADO A ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	16.000,00	0

e. PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS

PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS	APORTACIÓN DIPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO
Festa dos Cogomelos	3.000,00	0
XVII Encontro de Torneiros da Madeira	3.000,00	0



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

TOTAL DESTINADO EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS	6.000,00	0
--	-----------------	----------

2. Aprobar os proxectos das obras e/ou os pregos das subministracións incluídas na solicitude de participación e que se relacionan neste anexo.
3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto ou en trámite todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no Plan único.
5. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención ou axuda doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o financiamento das distintas actuacións incluídas nesta Plan único, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións achégase detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma non supera o 100% do custo.
6. Autorizar a Deputación de Lugo a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e os correspondentes expedientes.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en Xermade a 2 de Maio de dous mil dezasete.

V. e prace

A Alcaldía

(1) Órgano competente (Pleno, Xunta de Goberno, ...)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO”

.....



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Intervén a continuación o portavoz do Grupo Popular Don Antonio Riveira Requeijo para comentar que non lles parece procedente que se traía este asunto a pleno como dación de conta porque os importes son elevados e debería aprobarse como acordo plenario. Xa na primeira cuestión se está incumprindo un acuerdo plenario aprobado, o Alcalde contesta que non contradice á moción a que se refire e o Concelleiro di que si.

A continuación toma a palabra o Concelleiro do BNG Don Oscar González Pardo para comentar que lles parece ridículo que se fagan consultas para cousas relativas aos orzamentos de menor importe e para gastos comúns como nos gastos de persoal onde queda pouco marxe de maniobra e non se faga consulta algunha para o maior investimento da Deputación de Lugo (máis de 270.000 euros) pero para o orzamento chama as 11 da noite, ademais sabendo que o seu grupo solicitou un pleno extraordinario para o Plan único e enviaron moitas propostas. Ademais comenta que levan máis de dous anos reclamando actividades culturais e non aparece ningunha neste documento, que a maioría de actividades as fan as asociacións e as poucas que se fan no Concello as xestiona moi ben o persoal(a bibliotecaria) con moi poucos recursos.

Logo, segue comentando, que teñen que oír que din á xente que comentan co seu grupo as cousas, e non aparece ningunha proposta do grupo neste documento.

Pide a palabra a Concelleira do BNG para comentar que se presentou este documento o último día e houbo un mes para debater cos demais grupos por exemplo coa xunta de Portavoces o documento ao menos para abrir o debate e non facelo o último día por decreto e aínda encima mal que aí final tivo que modificar.

Toma a palabra o Alcalde para comentar que a maioría das actuacións que se inclúen no documento son as de todos os anos, a axuda do SAF, Depuemprego...despois se incluíron as obras que estaban previstas nos Orzamentos na maioría. En relación ao demais, o relativo as Pistas de Teixido de arriba e Casas Novas, á moción que se aprobou noutra sesión, se decidiu meter unha sola e meter zahorra no resto. Efectivamente, continúa o Alcalde, que se presentaron propostas, pero os últimos días, e non daría tempo a metelas porque as obras requiren elaboración de proxectos e tramitación dun expediente previo á remisión da documentación. En canto as actividades culturais, se están facendo varias actividades pero cada Concello téñen a adaptarse ás súas necesidades e as posibilidades económicas de cada un. En relación ao pleno extraordinario, non se convocou porque xa non daba tempo cando se solicitou polo comentado máis arriba, falta de tempo para elaborar os proxectos. De todas maneiras, continúa, que as propostas se poderían incluír nos sucesivos orzamentos.

Intervén o portavoz do BNG para comentar que de matemáticas sabe, e cando necesita votos se que chama como no caso do Orzamento ou na investidura, tamén continúa comentando que querían ver as memorias de viabilidade económica das máquinas que se inclúen no Plan e saber porque o coche de protección civil está aparcado nunha casa particular, sendo do Concello.

Toma a palabra o concelleiro do PSOE Don Carlos Alberto Guerra González , para comentar que hai que falar con coñecemento de causa, que cando se vai aos cursos da Estrada hai que ir co coche oficial e co uniforme e cando unha persoa se vai desprazar catro días aínda que aparque o coche na súa casa non cree que pase nada. Continúa o concelleiro falando dos depósitos, comenta que o control de cloración é obrigatorio e diario e resulta difícil levalo a cabo. Intervén o Alcalde para comentar as obras que están contempladas en relación cos mesmos debido aos controis de sanidade e requerimentos feitos ao Concello.

4.-DAR CONTA DA RECLAMACIÓN DE JESÚS VILLASUSO DUNHA FACTURA POR IMPORTE DE 116.730.83 EUROS DUNHA OBRA DO ANO 2013.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde comenta a reclamación que chegou ao Concello (toda a documentación se remitiu aos concelleiros coa convocatoria da sesión) nos últimos días da empresa de Jesús Villasuso reclamando unha factura de 116.730,83 euros de obras presuntamente feitas no ano 2013 para o Concello, ano no que non gobernaba o PSOE e por este motivo e a ausencia de documentación ao respecto nos arquivos do Concello descoñecen o contido da mesma e se as obras se levaron a cabo, por todo isto cede a palabra ao Portavoz do Grupo Popular para que de as explicacións pertinentes e que todos os membros da Corporación teñan información.

Intervén a continuación o portavoz do Grupo Popular Don Antonio Riveira Requeijo para comenzar dicindo que as obras efectivamente se fixeron cando gobernada o Partido popular e él estaba de concelleiro de obras, por esta empresa Villasuso Construcción S.L. no ano 2013 e que a tramitación non se fixo correctamente pero a necesidade existía, a xustificación estaba ben clara, polo mal estado dalgunhas carreteras, para a seguridade dos veciños e así se xustificou e se pode verificar polo técnico municipal. Cree que ademais o gasto da mesma debería imputarse no seu momento a axudas que se iban a otorgar pola Deputación de Lugo que se supón que esta para facer reparto igualitario de axudas e tan só concedeu naquel ano a axuda do Pos , non como na actualidade que concede moitas máis axudas. Continúa comentando que as mencionadas obras deben tratarse como varias por separado, non como unha, lle consta ademais que o anterior Alcalde comunicoulle ao actual no traspaso de poderes a existencia desta débeda para habilitar no seu caso cando fora posible partida para tal efecto.

A continuación o Alcalde contesta que nadie lle falou desto nunca, que o contratista si lle comunicou un día que lle debía diñeiro, pero tivo tempo en anos para reclamar e non o fixo. Que el non gobernaba naquel entonces e lle dixo que nada sabia diso nin había documentación ao respecto, que podía ser unha mentira, que documentación non presentou ningunha en anos , ata o mes de abril que presentou a factura. Segue comentando que se el fóra contratista e houbera documentos , en canto rematara as obras presentaría a factura e non sabe porque nunca se reclamou.

Intervén de novo o portavoz do PP para comentar que se tivera intención de pagar o actual goberno, se debería comprobar todo, o que se fixo e o que non, que eles non din que se pague sen verificar nada.

Remata o Alcalde diciendo que non hai documentación algunha nos arquivos do Concello e que se prescindíu absolutamente do procedemento legalmente establecido ao respecto e incurriría en prevaricación se pagara esa factura , tan só na documentación que presenta o contratista fai referencia a unha obra duns 30.000 euros de asfaltado noutras pistas que nada tén que ver coa que se reclama agora.

Toma a palabra a continuación o portavoz do BNG Don Oscar González Pardo para comentar que non entenden como un empresario cunha débeda de 116.000 euros non a reclama e como se fixo tan chapuza e se chegou a tal situación. Tampouco entenden como eles como oposición non coñeceron nunca tal débeda, se ben presenciaron unha discusión entre os dous partidos de si había débedas ou non no cambio de poderes.

Remata o Alcalde comentando que xa dirá o xulgado no seu caso se hai que pagar e como habilitan o crédito porque non hai , evidentemente tal previsión no orzamento municipal ademais de que no existe ningún documento que avale tal procedemento.

Intervén de novo o Portavoz do Grupo Popular para aclarar que a factura tal como está presentada non é correcta nin polo contido, xa que non se fixeron todas esas obras nin polo concepto da mesma. Pregunta ademais se non hai proxecto algún, o que contesta o Alcalde que non. Pero destaca o portavoz que a postura do goberno está clara xa fai tempo.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Toma a palabra o portavoz do BNG para comentar que as órdenes ,que sepan, para as mencionadas obras foron de palabra , que non viron nada no rexistro, polo tanto será a palabra dun contra a doutro no seu caso.

5. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

O Alcalde comenta a proposta:

.....

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Ante a presentación de gastos pertencentes ao exercicio anterior, documentados mediante as correspondentes facturas ou relacións de pagos.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 16 DE MAIO DE 2017 , onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o houberan sido en aquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que en este caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extrajudicial dos créditos correspondentes ó exercicio anterior que se establecen na relación de gastos que se adxunta ao expediente, POR IMPORTE DE 1.730,12 EUROS RELATIVO A APORTACIÓN ECONÓMICA DO SERVIZO DE XANTAR NA CASA do último trimestre do ano 2016, liquidada polo Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar a día 12.05.2017,

SEGUNDO. Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2017 os correspondentes créditos, no importe e nas aplicacións orzamentarias que figuran na relación.

.....

O Alcalde da a palabra á Secretaria municipal para que explique o recoñecemento xudicial que se propón aprobar.

Toma a palabra a Secretaria municipal para comentar que se trata dunha factura POR IMPORTE DE 1.730,12 EUROS RELATIVO A APORTACIÓN ECONÓMICA DO SERVIZO DE XANTAR NA CASA do último trimestre do ano 2016, liquidada polo Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar a día 12.05.2017,e que como tivo entrada no rexistro municipal despois de acabar o exercicio do 2016, a pesar de que estaba previsto o gasto no Orzamento do ano 2016, agora só se pode aprobar por esta via, o recoñecemento extrajudicial, xa que estamos no ano 2017.

Pide a palabra o Portavoz do Grupo do BNG Don Oscar González Pardo para comentar que non entende a falta de previsión deste gasto no ano 2016.

Contesta o Concelleiro do Grupo do PSOE Don Carlos Alberto Guerra que non se trata dunha falta de previsión no orzamento senon da entrada da factura no Rexistro que se leva facendo estes anos, meses despois de rematado o exercicio correspondente .



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Intervén o Portavoz do PP para comentar que van a absterse para facilitar a aprobación. Toma a palabra a continuación a Concelleria Do BNG Dona Maria do Mar Hermida Pico para comentar que non entende se existía crédito no orzamento porque se leva a extraxudicial a aprobación desta factura.

A continuación se somete a votación o acordo proposto , votando a favor os cinco concelleiros do PSOE , abstención os catro do PP e dous dos concelleiros do BNG quedando aprobado o acordo por maioría simple.

FÓRA DA ORDE DO DIA.

Se presenta polo SR. Alcalde unha proposta de incluír como urxente que se presentou a última hora do seguinte asunto que lee a continuación pola Asociación de vecinos de Roupar que expón que” na Xunta directiva de 27 de maio de 2017 por unanimidade acordouse entregar neste Concello de Xermade a proposta de equipamento asistencial en Roupar polo que solicitan que a Xunta de Galicia e/ou A Deputación de Lugo leven a cabo a dotación no núcleo de Reupar cun equipamento asistencial, consistente nunha comunidade de vivendas asistidas conservizos xomúns, extensibles estes a usuarios externos. O Plantexamento deste conxunto pretende convertilo nun centro sociocultural para todo o Concello, misturando usos e xeracións”

A portavoz do BNG pide a palabra para comentar que o documento tivo entrada no rexistro o pasado día 5 e o Pleno celebrouse o día 8, e non entenden como non se lles facilitou a documentación.

O Alcalde contesta que era coñecedor de que tiñan o dossier os grupos pola entrega da asociación e que se decidiu meter o mesmo día do Pleno.

Ambos entran nun debate de que non se fan así as cousas porque o BNG tiña o dossier persoalmente pero non por vía oficial e que se tivo tempo a enviar e o Alcalde repite que xa sabía que o tiñan e é un asunto de urxencia.

O Alcalde somete a votación urxencia do asunto a tratar fóra da orde do día que queda aprobada por unanimidade de todos os concelleiros presentes.

Concédesse a palabra a continuación ao portavoz do PP, Don Antonio Riveira Requeijo que comenta que lles parece unha proposta interesante, que máis ben é unha declaración de intencións porque vai levar moito máis traballo detrás, a firma dun Convenio entre administracións e a asociación e incluso a modificación do PXOM en relación cos terreos afectados. Tamén hai que ter en conta a xestión que necesitará para levarse a cabo pero con ganas e interese sairá a diante e van apoiar no necesario.

Intervén a continuación a concelleira do BNG para comentar que sempre defenderán os centros de asistencia de proximidade porque hoxe en día se fan macro centros de día, a proposta lles parece maravillosa , de feito xa no seu momento , no 2008, estaba comprometido un centro de día para Xermade a instancias da asociación e eles apoiaron en todos os estamentos, Deputación e Parlamento esta iniciativa pero o anterior Alcalde debido a un capricho persoal dixo que tiña que ser en beneficio da escola e quedou en nada. Continúa dicindo que o que piden hoxe é un compromiso firme dos grupos políticos en todos os estamentos , para que non quede de novo en papel mollado por un capricho. Ademais, segue comentando, se trata dun proxecto dun centro asistencial de proximidade, os maiores sacados do seu ambiente familiar perden o norte co cambio, sería manterse no seu ambiente cunha chea de recursos e axuda. Continúa pedindo unha



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

postura política en todos os niveis das administracións, eles xa se comprometeron en privado e agora en público e piden o mesmo os demais grupos.,Di ademais que logo farán preguntas sobre o PXOM que só se aprobou inicialmente a día de hoxe e que supoñen que xa incluírán os cambios de dotación dos terreos afectados para levar a cabo este proxecto aínda que seguen sen resposta as alegacións dos veciños na actualidade, pero pedirán este compromiso tamén.

Toma a palabra o SR: Alcalde para comentar que o proxecto é moi necesario porque é no propio ámbito rural, as asistencias, os fisioterapeutas e demais servizos.Comenta que están moi de acordo porque hai moita demanda dunha poboación envellecida que necesita coma os nenos unha atención especial.Hay que mirar tamén o prezo destes mini apartamentos , se sexan viables e colaboren todas as administracións, incluído o Concello pero tendo en conta que os recursos do mesmo son limitados. Con respecto aos demais estamentos no poden obrigar nas demais estancias pero procurarán presionar (intervén a portavoz do BNG para replicar que ten que ser un compromiso firme).

A continuación toma a palabra o portavoz do PP para comentar que non está de acordo que o anterior Alcalde se negara pero que él é o que se explicará.Di tamén que o BNG ten fácil manter a mesma postura porque non gobernan en ningunha administración.

Toma palabra a concelleira do PP Dona Isabel Campello Ares para comentar que cree que se debe empezar polo propio Concello , coa modificación do PXOM, para que agora non se aprobe provisionalmente sen a pertinente modificación neste senso e logo se teña que voltar a facer todo o trámite. Tamén considera que se pode traballar en sacar acordos para proxectos aínda que sexan similares...

O Alcalde intervén para comentar que no PXOM se pretende arreglar esta situación dos terreos e que con respecto as alegacións, que falta algún informe sectorial e logo se contestarán polo equipo redactor.

A continuación se somete a votación o acordo proposto , votando a favor os cinco concelleiros do PSOE , os catro do PP e dous dos concelleiros do BNG quedando aprobado o acordo por unanimidade

A concelleira do BNG pide que se llé de palabra ao portavoz da asociación que propuxo o acordo, o Alcalde di que non hai problema e o portavoz da mencionada asociación agradece o apoio da Corporación..

6. MOCIÓNS

1- ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO E MARÍA DO MAR HERMIDA PICO en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**, en base á lexislación vixente presentan a seguinte

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE INVESTIMENTOS

Exposición de motivos.-

De acordo coa lexislación vixente, resulta necesario proceder á creación, se o Pleno considérao oportuno, de Comisións que teñan por obxecto o estudo, informe e consulta dos asuntos , que han de someter á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que ostente o Pleno. Dado que as Comisións Informativas existen nos Concellos de menos de 5000 habitantes cando o



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

acorde o Pleno do Concello, ou os dispoña o seu regulamento orgánico, co obxectivo de afrontar o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Comisión de Goberno e os concelleiros con delegacións.

A realidade e as circunstancias do concello de Xermade, desde as últimas eleccións municipais, determinan que se tomen acordos para poder levarlos a cabo na mellor forma posible e de maneira democrática e equitativa, sen amiguismos nin escurantismo.

A actitude do grupo de goberno en relación coa toma de decisións para realizar os investimentos necesarios para o concello de Xermade é autoritaria, mesmo déspota, escurantista, sen ningunha opción de debate e sen ter en conta nin as propostas deste grupo político nin as da oposición en xeral.

A actitude do grupo de goberno en relación coas investimentos que veñen doutras administracións, por exemplo, da Deputación a través do Plan Único, aprobado por unanimidade a instancias do BNG, é partidista, sectario e non ten en conta as necesidades que presenta o concello pois non ten feito nin un estudo de necesidades nin un plan de actuación organizado para toda a lexislatura, nin sequera para o ano en curso. A falta de diálogo, a toma unilateral de decisións e a non información ata que rematou o proceso de solicitudes (axudas, subvencións, programas...) co que se adoitan tomar as decisións, furtándolle ao pleno competencias, obviando a súa situación en minoría é intolerable e obrigan a que se aposte por alternativas de control e seguimento da acción política do grupo de goberno que favorezan a transparencia, a democracia, e sobre todo, que permitan impulsar alternativas e accións que favorezan a mellora das condicións de vida da nosa veciñanza.

Así, de conformidade co disposto no artigo 20.1.c da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, así como o previsto no artigo 134 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, apropiado a prol do RD 2568/1986 de 28 de novembro de 1986, o grupo municipal do BNG de Xermade propón ao Pleno a adopción do seguinte

A C O R D O

1.- A creación da Comisión Informativa Especial de Investimentos con representación proporcional de todos os grupos políticos presentes no pleno e que terá por obxecto o estudo, control, seguimento, toma en consideración e definición de liñas de acción por parte do goberno municipal de Xermade nas achegas que realicen outras administracións para investir no concello (POS, PLAN ÚNICO, FONDO DE COMPENSACIÓN MEDIOAMBIENTAL...).

O Alcalde intervéñe por alusións para comentar que non hai escurantismo nen prepotencia nin nada, que miente o BNG, que a normativa aplicable dispón que a documentación do Pleno téñe que estar a disposición dos concelleiros na secretaria do Concello e eso é o que fai.

Defende a moción o concelleiro do PSOE Don Carlos Alberto Guerra que comenta o seguinte :dentro de esta moción comenta que cabe matizar, de acordo co 123 do ROF Real Decreto 2568/1986, os temas que se van a tratar na comisión teñen que ser específicos, se teñen que concretar, ademais tería que celebrarse unha vez ao ano para un asunto concreto, por outro lado, non se fala do número de membros, da proporcionalidade, deberían ser 6 membros máis o Alcalde, 1 do BNG, 2 do PP e 3 máis o Alcalde do PSOE, tamén hai que ter en conta que non son vinculantes os dictames que se emiten de tales reunións, son para estudar asuntos concretos e emitir un dictame non vinculante. Por outro lado, considera que o documento máis importante do Concello é o Orzamento a nivel anual e cando se pide que se colabore en algún proxecto é o



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

momento de aportarlo e non dar a calada por resposta. Cando se remitiu aos partidos por mail o Anexo de inversión no mes de xaneiro aos poucos días se meteu por rexistro unha moción onde o 80% dos proxectos eran coincidentes. Pensa que non se debería utilizar esas cuestión políticaamente senon colaborar.

Toma a palabra o portavoz do PP Don Antonio Riveira para comentar que parece que os partidos non fan propostas e comenta que o partido do goberno tampouco as presenta.

Intervén a concelleira do PP Dona Isabel Campello para comentar en primeiro lugar que as contas do goberno do PP estaban saneadas e que o portavoz do PP asumiu con respecto á factura reclamada parte da culpa pero que aquela nunca se presentou para ser pagada. Con respecto á comisión especiais van a aprobar a moción tal como está e non entende como con tan só 11 votos máis o PSOE que o PP nas eleccións últimas, quere ter maioría de representación en todos os órganos. O que queren é información, non que lles den todo feito.

Continúa O portavoz do PP para comentar que a proposta haberá que concretala a posteriori e que a proba de que é necesario é precisamente o punto anterior, o do Plan Único, que o Goberno é q

Toma a palabra a concelleira do BNG Dona Maria do Mar Hermida Pico para comentar que o partido do goberno sempre está á defensiva, que tan só piden unha comisión informativa, que non ven problema algún, que se trata de informar, simplemente queren que se tomen en consideración todas as opinións e que o Concello recibou recentemente a maior inversión da Deputación que se recorda e o Alcalde non tivo en conta proposta algunha. Con respecto as comisión informativas está especificado na moción para que fin se proponen e no art 134 do Rof se establece a composición das comisión informativas(o Alcalde di que ese artigo se refire as permanentes). En relación ás propostas do BNG, continúa, soen levar a cada Pleno máis de 10 propostas posibles para a Corporación en tempo e algunha oral porque lles chega a última hora, O Alcalde interrompe para comentar que él se referiu ás propostas en relación co Orzamento. A concelleira contesta que eles plantearon un Plan de Necesidades, que o Goberno non tén, porque non se debe esperar ás propostas que os veciños presenten por rexistro como fan eles, a concelleira comenta que falan da mala organización do goberno. Con respecto ao aspecto económico, as asistencias as comisión, recorda que as asistencias a plenos se subiron de 45 euros A 60 euros en contra do que pensaba o BNG, e agora teñen problema polo aspecto económico.

Contesta o Alcalde que con respecto aos orzamentos teñen o criterio de repartir un pouco entre todas as necesidades, que non poden ter un técnico só dedicado a esas cuestión.

Intervén de novo o concelleiro Don Carlos Alberto Guerra para comentar que el non fixo ningún ataque , que aclarou o que dixo a normativa.

Contesta a concelleira do BNG para dicir que non aceptarán as modificacións propostas.

O Concelleiro do PP Don Carlos Alberto reitera que hai que concretar o obxeto.

A Concelleira do BNG acepta quitar os puntos suspensivos en relación co obxeto das comisión.

O Alcalde contesta que o acordo non é correcto se non se fixa a proporcionalidade.

Debaten a continuación todos os grupos políticos sobre a cuestión e concretamente sobre o número de membros que compoñeran a comisión informativa, xa que o PP(nin o BNG) non está de acordo con que o PSOE(equipo de goberno) teña un máis que eles máis o Alcalde por 11 votos máis. O Alcalde contesta que él non conta a efectos de proporcionalidade xa que é según a normativa aplicable membro nato. Ao final, despois do debate, a concelleira do PP di



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

que aceptan a composición proposta polo equipo de goberno que sería a seguinte: o Alcalde, 3 representantes do PSOE, 2 do PP e 1 do BNG.

A continuación se somete a votación o acordo proposto , votando a favor os cinco concelleiros do PSOE , os catro do PP e dous dos concelleiros do BNG quedando aprobado o acordo por unanimidade

7.-ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS DO BNG

1- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Na curva existente antes da ponte de Portovello, circulando dende Xermade ata Candamil, veñen de producirse dous sinistros nos últimos meses. Quedaron sinais nos valados e na sinalización previos á ponte que incluso se atopan tirados. Ao ser este un punto perigoso da vía pois xa se produciron aí. algún incluso con vítimas, polo exposto,

formulamos o seguinte rogo:

- **Que o concello de Xermade solicite á Deputación Provincial de Lugo o arranxo dos valados e sinalización da zona.**
- **Que se incremente a sinalización vertical na zona e se instalen bandas sonoras alertando da perigosa curva.**

O Alcalde dáse por enterado.

2- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Segundo o contrato de mantemento de alumeados públicos a empresa adxudicataria do servizo repara as luminarias fundidas unha vez á semana. Somos conscientes de que non se cumpre co mantemento pero o que xa nos parece máis grave é que hai luminarias que levan semanas, ou incluso meses sen funcionar, polo exposto



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

formulamos o seguinte rogo:

- **Que o concello de Xermade solicite á empresa adxudicataria do servizo a revisión de todas as luminarias.**
- **A continuación, detallamos algunhas das que levan tempo sen alumear:**
 - **Chao-Cabreiros: despois do Bar Boucello, beirarrúa esquerda dirección ás Pontes.**
 - **Sanmartiño-Cabreiros: nas proximidades á pista da Fraga.**
 - **Pedregosas-Candamil: na marxe esquerda dirección ás Pontes.**
 - **Momán: saída da rotonda dirección Betanzos (dúas luminarias).**

O Alcalde dáse por enterado.

- 3- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

A entrada para o núcleo de Aveás, na parroquia de Roupar, ten lugar dende a Lu-P-2202. A pista municipal que leva ao barrio de Aveás remata entre dúas edificacións e nun treito curvo da Lu-P-2202 o que fai moi perigoso acceder ao dito vial.

Formulamos o seguinte rogo:

- **Que o concello de Xermade solicite á Deputación Provincial de Lugo a instalación de bandas rugosas que obriguen aos vehículos que circulan pola Lu-P2202 a cumprir a limitación da vía.**
- **Que se mellore a sinalización indicando que se trata dun cruzamento perigoso**

O Alcalde dáse por enterado.

- 4- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Dado que os bloques de vivendas sociais existentes no Pedreiros son a zona con maior densidade de poboación do concello

formulamos o seguinte rogo:

- **Que o concello de Xermade incremente e busque novos posicionamentos para os colectores de lixo posto que algú dos bloques tenos bastante afastados.**

O Alcalde dáse por enterado.

- 5- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Nestes meses de primavera en que xa se apetece pasear e gozar da natureza do noso Concello, podemos ver un estado de abandono importante en todas as beirarrúas da contorna, así como na praza da casa Consistorial, onde abundan as herbas e as manchas causadas polo musgo e o verdín.

Formulamos o seguinte rogo:

- **Que o concello de Xermade elimine as malas herbas das marxes das beirarrúas e das súas xuntas, así como as existentes na praza do Concello.**
- **Que o Concello de Xermade acometa a limpeza das beirarrúas e da praza para mellorar o seu aspecto.**

O Alcalde dáse por enterado.

ROGO ORAL DO BNG, O Alcalde admite un Rogo sobre o cemiterio municipal coa condición de que o remitan por escrito a posteriori, no minuto da grabación 1 hora 37 minutos a concelleira do BNG se compromete a remitilo por escrito e se lle reclama oficialmente por mail o pasado día 2 de agosto, non se recibiu resposta algunha.

O concelleiro do BNG Don Oscar González Pardo comenta que no cemiterio municipal así como en outras infraestructuras do Concello, tamén nos parques e xardíns do Concello se da mala imaxe porque están sen limpar e aínda que traballan os operarios municipais, pensa que se deberían contratar empresa para proceder á limpeza dos mesmos.

ROGO DO PP :

- 1- **Antonio Riveira Requeijo**, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta o seguinte rogo para que sexa atendido por esa alcaldía



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de publicar no DOGA do 11 de abril a ORDE pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, e que teñan por obxecto a descrición de fondos documentais dos arquivos galegos segundo a metodoloxía arquivística, axudas que poden solicitar entidades locais.

O Concello de Xermade tén feito en anos anteriores a clasificación e ordenación dos fondos documentais municipais, quedando pendentes fondos procedentes do Xulgado de Paz.

ROGO

Que o Concello de Xermade solicite a axuda para proceder a descrición dos fondos documentais no arquivo municipal correspondentes a documentación antiga do Xulgado de paz, para completar o arquivo municipal existente.

O Alcalde dáse por enterado.

PREGUNTAS DO BNG:

- 1- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

*No pasado mes de marzo apareceu na pista de Uzal en Lousada unha fochanca de grandes dimensión. Esta fochanca aparece nunha obra nova feita hai escasamente seis meses.. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:*

- **Quen tapou a fochanca?**
- **O bacheo levouse a cabo con cargo á garantía da obra?**
- **Preocúpalle ao equipo de goberno a aparición deste bache?**
- **Quen supervisou as obras?**
- **Que materiais se empregaron na obra?**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde contesta que a tapou a empresa San Xurxo á súa conta. Continúa que si que preocupa o equipo de goberno e supervisounas o arquitecto municipal e o propio Alcalde , por último en canto aos materiais se empregou gravilla e rego asfáltico.

- 2- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

No barrio de Casanova en Roupar veñen de instalarse uns bolardos reflectantes similares aos instalados en zonas de néboa para axudar a guiar os vehículos. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes preguntas:

- **Quen levou a cabo a obra?**
- **Cal é o motivo da instalación dos bolardos?**
- **Cal é o criterio que se segue para a instalación de mobiliario, maceteiros, etc. nas beirarrúas?**
- **Despois de case un ano da reparación dunha fuga de agua na Casanova aínda se poden ver os refugallos ao lado da beirarrúa. Cando se teñen pensado recoller? Váiselle esixir á empresa responsable que os recolla? Cales son os motivos de que non se limpase no seu momento?**

O Alcalde contesta que chegaron ao Concello reclamacións e fotos desde que se romperon os bolardos, que non podían pasar camións e demais e por ese motivo se actuou. En canto a reparación da fuga a levaou a cabo a empresa que traballa para o concello aínda que non era obxecto do seu contrato e os empregados municipais.

- 3- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

Segundo o noso grupo político puido saber, veñen de adxudicarse as prazas para a casa niño no vindeiro curso. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes preguntas:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- **Cantas crianzas haberá na casa niño o vindeiro curso escolar?**
- **Cal será o horario da casa niño no vindeiro curso?**
- **De haber máis demanda que oferta, cales foron os criterios para aceptar ou rexeitar as solicitudes?**
- **De existir moita demanda, valoraría o Concello a posible instalación doutra casa niño ou dun PAI tal e como prometeu o grupo socialista na súa campaña electoral?**

O Alcalde contesta que non é unha competencia do Concello, que tan só arrendou o local, que o Concello non está para florituras. SE encargará a Xunta de Galicia de subrir o servizo e se non chega para a demanda que exista que pedirá á Xunta outra casa niño.

- 4- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

*No pasado pleno alertamos da situación existente na charca dos Patelos en Candamil, na que practicamente desapareceu o manancial e se atopa inservible para o baño. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:*

- **Fixo o grupo de goberno algunha xestión ou estudo das posibles solucións de cara á época estival?**
- **Que actuacións se van levar a cabo para restaurar esta zona e facela utilizable?**

O Alcalde contesta que é moi difícil recuperar un manancial, que intentarán incorporar un que hai máis arriba.

O portavoz do BNG di que eles fixeron propostas de pechalo e selalo ou facer unha pequena depuradora ou senón pechalo totalmente.

O Alcalde contesta que é difícil a tramitación de instalar unha depuradora.

- 5- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

Chegada esta época do ano, e máis coa meteoroloxía que nos acompañou nas últimas semanas, a herba non fai máis que medrar. Proba disto é o estado que presentan as



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

pistas municipais pois a herba ocupa boa parte do asfalto e dificulta a circulación e en gran medida pon en perigo os usuarios das vías.

*Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:*

- **Cal é o horario de traballo do tractor municipal?**
- **En que parroquias está desbrozando?**
- **Cales serán os criterios a seguir para levar a cabo os desbroces? En que orde irán as parroquias que se van desbrozar?**
- **Ten pensado o grupo de goberno reforzar o horario de traballo do tractor municipal ou contratar algunha empresa externa?**

O Alcalde contesta que o horario do tractor é de mañá de 8 a 2, se está desbrozando en Momán e os criterios xa se comentaron, que son según as necesidades que xurden, por onde vai estando peor. Continúa que non teñen pensado de momento contratar outra empresa.

- 6- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

Nos pasados meses reparáronse parte das fochancas na pista das Parrugueiras en Xermade, na que vai de Cavadas-Xemaré, entre outras,

*Formulamos o seguinte **rogo**:*

- **Que o concello de Xermade repare de novo as fochancas nestas pistas xa que se están formando de novo.**
- **Algunhas fochancas reproducense nos mesmos sitios continuamente, cal é motivo de que estas reparacións duren tan pouco tempo? Faise un seguimento destas reparacións?**
- **Ten pensado esixirle algún tipo de responsabilidade á empresa responsable?**

O Alcalde contesta que están pendentes dun bacheo que se vai facer e claro que se fai un seguimento por parte do arquitecto municipal. En canto a responsabilidade da empresa, non cree que teña algunha.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- 7- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

No pasado pleno ordinarios solicitamos que dende o Concello de Xermade, e en nome da corporación municipal, se felicitase por escrito aos clubs de fútbol de Xermade e Roupar polos seus respectivos ascensos. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes preguntas:

- **Levouse a cabo a felicitación proposta polo BNG e na que no pleno se mostrou de acordo o equipo de goberno?**

Contesta o Concelleiro Don Carlos Alberto Guerra que se puxeron en contacto cos presidentes e lles dixeron que esperaban a finalizar a campaña deportiva deste ano e dun deles fixeron a proposta doutra data.

O Concelleiro do BNG di que só querían que se mandara felicitación e o concelleiro do PSOE contesta que non querían mandala sen data e están esperando a que lles dén unha data.

- 8- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

Nos últimos meses veñen aparecendo facturas no Concello un tanto curiosas como son seguros de vehículos que non forman parte do parque móbil municipal, consulta dentista, un alugueiro de vivenda, transferencia dun vehículo que tampouco forma parte do parque móbil, factura dun deshollinador, facturas de auga e lixo por importes bastante elevados que fan pensar nun gran consumo de auga, facturas de leña, etc.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes preguntas:

- **A que se deben estas facturas?**
- **Cales son os criterios para que o Concello de Xermade se faga cargo destas facturas?**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde contesta que son de emerxencia social e se fan previo informe da traballadora social ou da educadora familiar.

O Concelleiro do BNG comenta que o ano pasado se dou a caso unha axuda que non o precisaba e se lle dou madeira de carballo.

O Alcalde contesta que se facilitou a madeira para facer unhas contras que logo se pagaron ó que realizou o servizo.

- 9- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

A xustificación que tivemos para que os orzamentos de 2017 non fosen participativos foi que quedaban obras pendentes das propostas que a veciñanza levou a cabo en 2016. Pese a iso vemos que día a día aparecen novas obras e investimentos dos que nin o BNG nin o pleno ten constancia. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes preguntas:

- **Quedan máis obras propostas pola veciñanza pendentes de executar? De ser así gustaríanos coñecelas.**
- **Xa que non incluíu ningunha das propostas do BNG no plan unico da Deputación, os investimentos que finalmente se van levar a cabo foron demandadas pola veciñanza?**

O Alcalde contesta que efectivamente quedan algunhas obras pendentes, por iso mesmo non se fixeron orzamentos participativos. En canto a non recibir propostas, se fixeron tarde con respecto ao Plan Único por iso non se poideron valorar, como comentou, pero non teñen problema en estudialas en sucesivas ocasións.

- 10- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

PREGUNTA

Exposición de motivos:

No pasado pleno ordinario foi aprobada unha moción do grupo popular na que solicitaban as actuacións necesarias no parque infantil de Momán para adaptalo á normativa vixente. Nas pasadas semanas operarios municipais traballaron nel. Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes preguntas:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- **A día de hoxe, cumpre o parque infantil de Momán con todas as medidas de seguridade vixentes?**
- **Cal foi o total de tempo investido polos operarios municipais en levar a cabo as actuacións no parque?**
- **E cal é o custo desas actuacións?**

O Alcalde contesta que pensa que según os criterios técnicos si que cumpre a día de hoxe coa normativa. O tempo de traballo foron 8 días de traballo. O custo das obras que houbo que facer ascende a 2.351,96 euros e falta por chegar unha factura.

O Concelleiro do BNG comenta que o proxecto do parque foron sobre 6.000 euros máis estes gastos hai que sumarlle o custe do tempo de traballo dos empregados municipais.

PREGUNTAS ORAIS BNG.

O Alcalde comenta que as terá que preparar para o seguinte Pleno.

- 1- A pista que vai dende o Campo de fútbol ao acceso ao Portonovo está impracticable dende fai un ano polas obras que se están levando a cabo, solicitoulle á empresa que fixera os traballos que devolvera a pista ao estado orixinal anterior as obras? A ordenanza municipal recolle un depósito con fianza para estes casos, fixo depósito esta empresa? Esixíuselle? Estase a esixir a obrigación de pedir permiso para labores de corta e extracción de madeira no concello? Ten pensado arraxar esta pista, porque a veciñanza está a sufrir a irresponsabilidade do Concello e non tén porque.

O Alcalde contesta que tería que mirar, que non ten os datos e a concelleira do BNG comenta que non ten intención de contestar.

- 2- No DOGA de 6 de abril de 2017 salía publicada unha resolución para someter a información pública a proposta de declaración dun Epin , espacio privado de interés natural de Lousada. Coñece esta proposta vostede? En que consiste? Se fixo esta información pública, se informou á veciñanza ou aos colindantes? Como vai e a afectar á zoa, en que consiste este proxecto, a día de hoxe en que estado está esta proposta??

O Alcalde contesta que si que estivo publicada no Tablón do Concello e que no próximo Pleno lle remitirá toda a documentación.

- 3- Fai uns anos mercouse unha parcela ao lado do cemiterio municipal para a súa ampliación para crear novos nichos, so é utilizado como aparcadoiro de camións a día de hoxe, este é un servizo fundamental e ao non ter propiedades para aluguer eu ceder para os enterramentos, Cando se tén pensado invertir nos nichos de acordo coa previsión orzamentaria de cada ano? Cando se ten pensado acometer as obras de ampliación do cemiterio municipal? A instancias do BNG fixéranse obra de mellora pero lles extraña que estea de novo en mal estado, en estado de deixadez xa que se trata dun espazo público municipal e o mantemento debe ser continuo, a que se debe este abandono tanto na limpeza como no mantemento en xeral?



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde contesta que non hai tal abandono pero hai poucos empregados e que se intenta facer un pouco en cada lugar cos recursos que se teñen.

4- Exposición de motivos:

Despois de case dous anos da aprobación inicial do PXOM nada se sabe das repostas ás alegacións feitas pola veciñanza afectada. A isto hai que unir dous cambios significativos que tiveron lugar neste tempo como foi a aprobación da Lei do Solo e a modificación e actualización do catastro.

Polo exposto, formulámoslle as seguintes preguntas:

- **Actualizouse a información catastral para emendar os erros detectados pola cidadanía na delimitación das súas parcelas e que foron obxecto de alegacións individuais?**
- **En que punto está a contestación razoada das máis de 400 alegacións presentadas en prazo?**
- **Contempláronse as alegacións presentadas relativas aos elementos arquitectónicos de interese e emendáronse os supostos erros de considerar como edificable unha parcela na que existe un ben catalogado, obviándose a delimitación da “zona de respecto” de acordo coa normativa vixente.**
- **Enviouse á Dirección Xeral de Patrimonio a documentación da modificación do Plan para que se realice o informe preceptivo?**
- **Contemplouse a necesidade de realizar estudos de detalle para as zonas colindantes ou afectadas por propiedades da Igrexa ou elementos de interese?**
- **Tivéronse en conta as alternativas de aparcadoiros naquela parroquias en que os aparcamentos en liña ou en batería dificultan non só o tránsito rodado senón tamén o tránsito de peóns, así como o tratamento singular dos viais en núcleos consolidados no referido ao criterio mimético e rutineiro da Lei de Estradas?**

O Alcalde di que ten que mirar todo, que cree que hai intencionalidade en tal cantidade de preguntas orais.

- 5- En relación co depósito de Roupar que non era de auga potable, preguntan se segue ali a auga cortada pendente de que se fagan obras aínda?

O Alcalde comenta que está pendente das obras e mentres está cortada.

- 6- Preguntan por un can perdido que está solto polo pobo.

O Alcalde contesta que non ten constancia pero que o último foise recoller á autovía a Cabreiros.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

PREGUNTAS ORAIS DO PP

1- Con respecto ao edificio da Rectoral de Santa Maria de Xermade, ten pensado facer algunha actuación para manter este edificio o ten pensado renunciar a esa cesión ? o comentan porque coñece o concelleiro que andan a voltas coas ventanas..senón ten previsto nada, debería renunciar a isto, porque se debería evitar que elementos así se deterioraran.

O Alcalde comenta que se lle dará prioridade.

2- En relación co Depuradora en relación co vertido de Momán , ten pensado facer algo?? A autorización xa está caducada.

O Alcalde contesta que a Xunta debería facer esa obra.

3- O camiión con indastre é para a recollida de trastos??

4-

O Alcalde contesta que é para levar a area e esas cousas.

5- En canto a construción dos depósitos de auga para incendios, se pode tamén cargar cisternas ou é solo para incendios? Se van a suministrar con auga da traida pública? Non vai a afectar ao consumo humano, porque normalmente cando hai incendios é a época de seca.

O Alcalde contesta que en principio se construíron só para incendios, se vemos que fai falla se utilizará para o resto.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinte dous e dez minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaria que da fe.

V.e Pr.
O Alcalde

A Secretaria Interventora

Asdo.- Roberto García Pernas.

Asdo.:Paula Campos Rodriguez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE